

IDEAS
PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
05 DECEMBRO 2021

**PONTE EN CAMIÑO, échete
de Deus e inclínate para servir**

1. . Ver: Cústanos empezar

- Comezar algo sempre entraña dificultade porque hai que deixar a comodidade, a zona de confort, romper con iso e iniciar algo novo. O Advento é abrir camiños, achanzar carreiros, iniciar rutas, poñerse en camiño... A onde queremos chegar? Ao Nadal, á vinda de Xesús, pero con cambios na nosa vida, con reformas.

Que camiño novo queres emprender? Que reformas necesitas

2. XULGAR: Advento, ponte en camiño

- Neste domingo, preséntasenos o personaxe de Xoán Bautista que anuncia a chegada de Xesús e invita á conversión dicindo: ***“preparate o camiño do Señor”, “achanzade..., rebaixade..., endereidade”***.

¿QUÉ NOS QUERE DICIR XESÚS?

- **En Advento poñémonos en camiño de conversión.** Saímos de viaxe a Belén ao encontro de Xesús. Levamos connosco o GPS que nos vai indicando as estradas a seguir deixando outras que

nos perderían. O GPS do evanxeo vains dicindo os cambios (a conversión) que temos que facer para achegarnos a Xesús. É o que predicaba Xoán Bautista: ***“Preparade o camiño do Señor, achanzade os seus carreiros; reenchede os vales, rebaixade os outeiros”***. Diciao tamén Baruc. Póñome pois en “modo obras”. *Que me estorba para a acollida de Xesús que quere nacer en min? Que cambios necesito facer na miña vida?*

- **Fano para explicar o camiño ou a conversión que temos que facer** ponnos o exemplo do que fai a regadeira para que teñamos a súa filosofía de vida:

***Éncheche de Deus.** O Advento é tempo de oración, de encontro con el, de escoita da Palabra, como familia, como parroquia...

***Inclínate para servir.** Para acoller a Xesús hai que aprender a servir, a practicar os **“pequenos xestos de amor”**: un saúdo, chamar polo nome, pensar ben, facer o ben, sorrir, visitar a alguén, facer favores, prestar algo, esquecer unha ofensa, recordar día de anos, ser puntual, amable, alegre... É a tarefa da regadeira, con humildade.

Como mellorar a oración e o servizo?

3. ACTUAR: Ponte en marcha

- Seguimos facendo a coroa de Advento acendendo a segunda candeia, a da conversión. Tamén colocamos o belén na casa e na comunidade.

- Poderíamos debuxar un camiño de Advento con 4 paradas (os domingos), na meta un berce e aos lados do camiño actitudes que queremos cambiar.

- Pero sobre todo vemos esta semana como coidar a vida interior e a quen vou servir mellor esta semana.

Que imos facer?

LECTURAS

. BARUC 5, 1-9: Deus mostrará o teu esplendor

Xerusalén, desposúete do teu vestido de loito e aflición que levas, e vístete as galas perpetuas da gloria que Deus che concede.

Envólvetes no manto da xustiza de Deus, e ponche na cabeza o diadema da gloria do Eterno, porque Deus mostrará o teu esplendor a cantos habitan baixo o ceo. Deus darache un nome para sempre: «Paz na xustiza» e «Gloria na piedade».

En pé, Xerusalén, sobe á altura, mira cara ao oriente e contempla os teus fillos: o Santo reúneos de oriente a occidente e chegan gozosos invocando o seu Deus. A pé tiveron que partir, conducidos polo inimigo, pero Deus traerachos con gloria, como levados en carroza real.

Deus mandou rebaixarse a todos os montes elevados e a todos os outeiros sobresaíntes; mandou reenchese aos barrancos ata facer que o chan se nivele, para que Israel camiñe seguro, guiado pola gloria de Deus. mandou os bosques e ás árbores aromáticos que dean sombra a Israel.

Porque Deus guiará a Israel con alegría, á luz da súa gloria, coa súa xustiza e a súa misericordia.

Palabra do Señor.

SALMO 125:

R/. O Señor estivo grande connosco, e estamos alegres.

FILIPENSES 1, 4-6. 8-11: Que chegedes ao día de Cristo limpios e irreprochables.

LUCAS 3, 1-6: Todos verán a salvación de Deus.

Narrador: No ano decimoquinto do imperio do emperador Tiberio, sendo Poncio Pilato gobernador de Xudea, e Herodes tetrarca de Galilea, e o seu irmán Filipe tetrarca de Iturea e Traconítide, e Lisanio tetrarca de Abilene, baixo o sumo sacerdocio de Anás e Caifás, veu a palabra de Deus sobre Xoán, fillo de Zacarías, no deserto.

E percorreu toda a comarca do Xordán, **predicando un bautismo de conversión** para perdón dos pecados, como está escrito no libro dos oráculos do profeta Isaías:

Juan Bautista: *«Voz do que grita no deserto: **Preparade o camiño do Señor**, achazade os seus carreiros; os vales serán reenchidos, os montes e outeiros serán rebaixados; o torto será endereitado, o escabroso será camiño chan.*

E toda carne verá a salvación de Deus».

Palabra do Señor.

(Narrador-Xoán Bautista).